



### ORDENANZA 3.20

## TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MERCADURIAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCION, ESCOMBROS, VALOS, PUNTAIS, SOPORTES, ANDAMIOS, CAMIÓNS-GRÚA, GRÚAS MÓVILES, PLATAFORMAS AÉREAS, CAMIÓNS DE MUDANZAS E OUTRAS INSTALACIONES ANALOGAS

### Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 20.1.A) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), este Concello establece a taxa por ocupación de terreos de uso público con mercaderías, materiais de construción, escombros, valos, puntais, soportes, andamios, camiós-grúa, grúas móbiles, plataformas aéreas, camiós de mudanzas e outras instalacións análogas, a que se refire o art 20.3.g) do TRLFL e que se rexerá pola seguinte Ordenanza e cuías normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela

### Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación do mesmo con mercaderías, materiais de construción, escombros, valos, puntais, soportes, andamios, camiós-grúa, grúas móbiles, plataformas aéreas, camiós de mudanzas e outras instalacións análogas.

### Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuintes, as personas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a favor das que se otorgan as licencias e os que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular sen a autorización correspondente.

### Artigo 4º. Base imponible

A base imponible está constituída pola superficie ocupada ou cuberta de dominio público local, en metros cuadrados, polas mercaderías, materiais de construción, escombros, valos, puntais, soportes, andamios, camiós-grúa, grúas móbiles, plataformas aéreas, camiós de mudanzas e outras instalacións análogas, medida en metros cuadrados

**Artigo 5º. Cota tributaria**

1. A cota tributaria resultará de aplicar á base o 0.05% do valor do metro de aproveitamento urbanístico fixado no Anexo polo número de días que é obxecto de ocupación o dominio público local.
2. Nos casos de ocupación con contedores e valos a cota incrementarase nun 300% .
3. As ruas que non teñan fixado o valor do metro de aproveitamento urbanístico, terán un valor, a efectos da determinación da débeda tributaria , de 342,126140 €
4. Asemesmo, sobre as devanditas cotas aplicaránse os índices de situación establecidos para o cálculo da débeda tributaria no IAE según a categoría de rua en donde se coloquen as mercadorías, materiais de construción, escombros, valos , puntais, soportes, andamios ,e outras instalacións análogas
5. En todo caso, e con carácter mínimo, esixirase unha cota de 15,03 €
6. O valor do metro de aproveitamento urbanístico actualizaráse cada ano según o índice que se sinala na Lei de orzamentos estatal para actualización de valores catastrais

**Artigo 6º. Normas de xestion**

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados ao efecto pola Administración Tributaria Local e realizar o ingreso da autoliquidación da taxa resultante na Caixa de Recadación ou nas entidades bancarias autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.
2. No suposto de que se actúe de oficio, a taxa se esixirá por liquidación provisional practicada pola Administración tributaria local

**Artigo 7º. Infraccions e sancions**

Para todo o relativo á calificación de infraccions tributarias e á imposición das sancions correspondentes , rexerá o disposto no artigo 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**Disposición derradeira**

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día oito de novembro de dous mil catro. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil cinco, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación